



# Ortigueira

*II Plan de Igualdade*



# Ortigueira

**II PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE HOMES E MULLERES  
2007-2011**

**>> EDITA:**

Concello de Ortigueira  
Concellería de Servizos Sociais

**>> ELABORACIÓN DO PLAN:**

CIM de Ortigueira  
Gabinete de comunicación

**>> CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA:**

Rosa Loureiro Redondo

**>> PATROCINA:**



## **>> SUMARIO**

<b>&gt;&gt; PRESENTACIÓN</b>	<b>7</b>
<b>&gt;&gt; INTRODUCCIÓN</b>	<b>8</b>
<b>&gt;&gt; CONTEXTO</b>	<b>12</b>
<b>&gt;&gt; 50 MEDIDAS PARA A IGUALDADE</b>	<b>14</b>
- <b>ÁREA DE SENSIBILIZACIÓN E EDUCACIÓN</b>	
- <b>ÁREA DE PARTICIPACIÓN SOCIOCULTURAL E INTEGRACIÓN</b>	
- <b>ÁREA DE FORMACIÓN, EMPREGO, CONCILIACIÓN</b>	
- <b>ÁREA DO RURAL</b>	
- <b>ÁREA DE SAÚDE E BENESTAR</b>	
- <b>ÁREA DE ERRADICACIÓN DA VIOLENCIA</b>	
<b>&gt;&gt; EVOLUCIÓN E VALORACIÓN DO PLAN</b>	<b>28</b>
<b>&gt;&gt; ANEXOS</b>	<b>30</b>





Concello de  
Ortigueira

## >> **PRESENTACIÓN**

*Ortigueira es, hoy por hoy, un municipio de referencia en todos los ámbitos. La apuesta por la igualdad de oportunidades entre sexos no es la excepción.*

*No hay nada mejor que echar un vistazo al ayuntamiento para comprobarlo. El 60% de la plantilla está formada por mujeres, y éstas ocupan además buena parte de los principales puestos de responsabilidad.*

*Otro dato que habla por sí solo del empuje de las orteganas es que, por primera vez en la historia, el municipio tiene un gobierno paritario.*

*Desde el concello trabajamos para todos y todas sin distinción. No obstante, el equipo que presido es consciente de que aún hoy para conseguir que hombres y mujeres tengan las mismas oportunidades sociales y laborales se precisa un esfuerzo adicional.*

*Se han dado pasos. Y así, podemos presumir de disponer desde hace años de un centro especializado en información para la mujer. Podemos también estar orgullosos de haber desarrollado con éxito programas para mejorar sus posibilidades de inserción laboral y de contar con servicios que facilitan la combinación de trabajo y vida familiar, como la Galescola...*

*Como alcalde es un placer presentar este II Plan de Igualdad. Un programa con compromisos concretos y alcanzables que confío nos permita seguir avanzando en este camino.*

**Rafael Girón,  
Alcalde de Ortigueira**



>> *introducción e contexto*



## >> INTRODUCCIÓN

*Pese aos discursos formais, a discriminación por motivo de xénero segue a ser unha realidade sinxela de percibir: desigualdade salarial, falta de corresponsabilidade, escasa presenza de mulleres en postos directivos... Un feito que deixa ás claras que queda camiño por percorrer á hora de acadar a plena igualdade entre cidadáns e cidadás, un dereito fundamental que recolle a Constitución Española.*

Neste marco xorden as **políticas de igualdade de oportunidades**, estratexias que adoptan os gobernos para favorecer que mulleres e homes teñan na sociedade oportunidades e posibilidades de influencia e integración parellas.

Así, os **plans de igualdade** son programas de traballo que conteñen medidas para corrixir as discriminación que tradicionalmente sofre o colectivo feminino, froito de prácticas ou de hábitos sociais.

Cómpre pois desenvolver iniciativas de diferente índole para rachar cos obstáculos existentes, sexan culturais, sociais ou doutro tipo. Estas son as chamadas **accións positivas** que supoñen un tratamento transitorio desigual dun colectivo historicamente prexudicado - neste caso o das mulleres- ata compensar a situación, favorecendo un escenario no que se dea a igualdade real de oportunidades.

Este *II Plan de Igualdade de Ortigueira* busca dar continuidade ás políticas iniciadas coa publicación do *I Plan de Igualdade*. A nova proposta de traballo márcase como **retos** fundamentais consolidar unha programación estable de actividades ao longo do ano, máis alá das accións illadas que se teñen desenvolvido ata o de agora, e fortalecer a coordinación entre as diferentes concellerías para multiplicar o impacto destas accións. O resultado, unha Ortigueira máis xusta.



## FUNDAMENTACIÓN LEXISLATIVA

### NA CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA DE 1978

O principio de igualdade formal entre homes e mulleres recóllese no artigo 14 da Constitución:

*“Los españoles son iguales ante la ley sin que pueda prevalecer discriminación alguna por razón de nacimiento, raza, sexo, religión, opinión o cualquier otra condición o circunstancia personal o social”*

O art. 9.2 obriga a desenvolver accións positivas para acadar a igualdade real:

*“Los poderes públicos están obligados a remover todos los obstáculos que impidan o dificulten las condiciones de igualdad”*

### NO ÁMBITO LOCAL OU MUNICIPAL

O artigo 28 da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local:

*“Los municipios pueden realizar actividades complementarias de las propias de otras administraciones públicas y, en particular, las relativas a la educación, la cultura, la promoción de la mujer, la vivienda, la sanidad y la protección del medio ambiente”*

### CONFERENCIAS INTERNACIONAIS. ONU

I Conferencia. México. 1975

II Conferencia. Copenhague. 1980

III Conferencia Nairobi. 1985

IV Conferencia. Beijing. 1995

### PLANS EUROPEOS. UNIÓN EUROPEA.

Primeiro Programa 1982-1985

Segundo Programa 1986-1990

Terceiro Programa 1991-1995

Cuarto Programa 1996-2000

Estratexia 2001-2005

Convención sobre a eliminación de todas as normas de discriminación contra a muller.

CEDAW-1979

PLANS ESTATAIS. INSTITUTO DE  
LA MUJER

- I PIOM 1988-1990
- II PIOM 1993-1995
- III PIOM 1997- 2000
- IV PIOM 2003-2006
- V PIOM

PLANS GALEGOS. SERVIZO GALEGO  
DE IGUALDADE

- I PIOM 1988-1991
  - II PIOM 1995-1997
  - III PIOM 1998-2001
  - IV PIOM 2002-2005
  - V PIOM 2007-2010
- Plan de Acción contra a violencia de  
xénero en Galicia 2002- 2005



NORMATIVA RECENTE:

- Lei Orgánica 11/03 de 29 de setembro de medidas concretas en materia de seguridade cidadá, violencia doméstica e integración social dos estranxeiros.
- Lei Orgánica 1/04 de 28 de decembro de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- Lei Orgánica 3/07 de 22 de marzo para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Lei galega 7/04 de 16 de xullo para a igualdade de mulleres e homes.
- Lei galega 2/07 de 28 de marzo de traballo en igualdade das mulleres de Galicia.
- Lei galega 11/07 do 27 de xuño para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

## >> CONTEXTO

### **UNHA SOCIEDADE EN PROCESO DE CAMBIO**

*Discriminación positiva, violencia de xénero, paridade... conceptos como estes saltaron nos últimos anos aos titulares de portada dos xornais. Os avances en materia de igualdade de oportunidades home- muller resultan evidentes. O proceso é irrefreable, pero esténdese máis amodo do que moitos pretenden. O caso de Ortigueira, con particularidades asociadas entre outras cuestións ao envellecemento e á dispersión poboacional, constitúe un bo exemplo de que, a pesar dos esforzos, o cambio require dun traballo constante e de notables doses de paciencia.*

Na actualidade, Ortigueira é **o municipio do Ortegal con maior número de concelleiras** na súa corporación. O Concello desenvolve **programas de emprego específicos para paradas** e conta dende o 2001 cun **centro de información para a muller**. Por se fora pouco, nos últimos tempos activáronse ou se fixeron os trámites para pór en marcha in breve programas e **servizos destinados a conciliar vida laboral e familiar** (escola infantil municipal, centro de día, actividades extraescolares).

Os apuntamentos anteriores certifican o empeño municipal por fomentar a participación das mulleres en todos os eidos da sociedade. Non son os únicos. Dende a aprobación do *I Plan de Igualdade*, téñense desenvolvido múltiples iniciativas con este fin. Pero o certo é que, en moitos casos, estiveron marcadas polo carácter "temporal", derivado da limitada dispoñibilidade económica.

Os datos positivos reflicten unha parte da realidade. A outra cara vén dada por unha **taxa de actividade feminina baixa** (os datos do 2001 sitúana na metade da masculina); unha **poboación feminina envellecida, con formación limitada e con alto grao de dependencia**, circunstancia da que se seguen responsabilizando as esposas ou as fillas.

Obviamente, isto tradúcese na existencia de **menos oportunidades para o desenvolvemento persoal e social destas mulleres**. Algo que se agrava no caso das veciñas das parroquias, é dicir, da zona rural. E é que, pese aos esforzos por descentralizar, grazas á rede de centros sociais, as actividades sociocomunitarias, **só a Vila ten na actualidade unha oferta aceptable en materia de lecer e formación** á súa disposición. A **enorme extensión do municipio e a falla de transporte público axeitado** complican aínda máis a súa situación.

En definitiva, experimentáronse avances, pero na organización social, especialmente entre a veciñanza de maior idade, perviven os roles sexistas.

Cuestión de tempo, cuestión de formación... as xeracións máis novas dominan a música do cambio cara á igualdade, pero fáltalles a letra, quedando na mera aparencia.



»» 50

*medidas para a igualdade*



## > ÁREA DE SENSIBILIZACIÓN E EDUCACIÓN

### **APUNTAMENTOS...**

*Dende a súa creación, o CIM ocúpase de difundir en Ortigueira os recursos existentes en materia de igualdade; labor que compaxina coa concienciación social.*

*A loita contra a educación sexista centrou as numerosas campañas de sensibilización para escolares dos Servizos Sociais, por ser o xermolo da violencia de xénero.*

*A realización dos traballos doméstico-familiares segue a estar determinada pola asignación de roles sexistas.*

*No eido formativo persiste a segregación horizontal. E así os mozos seguen a optar por oficios tradicionalmente masculinos e as mozas polos tipicamente femininos, especialmente nos casos de rapaces que non emprenden estudos universitarios.*

## **OBXECTIVOS:**

### **A -Concienciar á poboación en xeral sobre a igualdade e a non discriminación**

- 1** Publicar e difundir o *II Plan de Igualdade de Ortigueira* entre os diferentes departamentos municipais implicados e a cidadanía.
- 2** Introducir na páxina web do Concello novos recursos específicos para a muller.
- 3** Potenciar o papel do Centro de información á Muller (CIM) como axente básico de información e sensibilización en temas de igualdade.

### **B -Promover a igualdade de oportunidades dende o eido educativo**

- 4** Programar de forma anual charlas para o alumnado de bacharelato co obxectivo informar sobre as alternativas profesionais e ao tempo diminuír a segregación laboral horizontal (elección sexista dos empregos).
- 5** Desenvolver campañas sobre o sexismo dos xoguetes e sobre a importancia da transmisión de roles de determinados xogos.
- 6** Realizar obradoiros de educación familiar dende a perspectiva da igualdade: corresponsabilidade.

### **C-Promover o principio da igualdade dende a administración local**

- 7** Empregar unha linguaxe non sexista nas comunicacións e publicacións municipais.
- 8** Incorporar módulos de igualdade de oportunidades en todas as accións formativas organizadas polas distintas concellerías.
- 9** Formar ao persoal técnico municipal en temas de igualdade.
- 10** Implantar nas estatísticas e no proceso de recollida de datos a segregación por sexos.

## **ORGANISMOS IMPLICADOS:**

*Todos os departamentos municipais, CEIP José María Lage, escolas unitarias e IES Ortigueira*





> **ÁREA DE PARTICIPACIÓN SOCIOCULTURAL E INTEGRACIÓN**

### **APUNTAMENTOS...**

*As mulleres representan o 46% da Corporación municipal de Ortigueira. Ademais tres concelleiras forman parte da comisión de goberno e ocupan os postos de tenentes de alcaldía.*

*Fronte á elevada presenza de mulleres con cargos políticos, é escaso o número de veciñas que presiden asociacións de calquera índole. Falla que asuman o liderato.*

*Nas actividades sociocomunitarias ( obradoiros, charlas, festas...) rexístrase unha participación maioritaria de mulleres.*

*Boa parte das veciñas aínda non concibe como necesario dispor dun tempo "de seu" como medio de evasión das ocupacións cotiás. Renuncian a el en favor do coidado da familia, o que acaba provocando problemas de soidade e depresión.*

**OBXECTIVOS:**

**D- Promover a plena participación das mulleres do Concello de Ortigueira en todos os ámbitos da vida pública e da privada**

- 11** Apoiar á asociación de mulleres do municipio e favorecer a creación doutras novas, especialmente nas parroquias.
- 12** Impartir obradoiros para veciños sobre habilidades de dirección e toma de decisións nas entidades asociativas.
- 13** Recuperar a celebración da tradicional "Festa das Comadres" durante o entroido, como unha oportunidade de lecer.
- 14** Potenciar a participación nas viaxes socio comunitarias que, con carácter anual, vén organizando o departamento de Servizos Sociais.
- 15** Difundir os traballos artísticos e culturais realizados polas mulleres do municipio.
- 16** Crear na Biblioteca Municipal Juan Fernández Latorre un fondo bibliográfico especializado en temas de xénero e igualdade.
- 17** Fomentar a investigación e o estudo sobre mulleres relevantes da historia de Ortigueira.
- 18** Promover a asistencia dos veciños e veciñas das parroquias ás actividades culturais que se programen no Teatro da Beneficencia.
- 19** Facilitar unha atención especializada á poboación con especiais dificultades de integración coma as persoas discapacitadas, emigrantes retornados, inmigrantes ou mulleres soas con cargas familiares.

**ORGANISMOS IMPLICADOS:**

*Concellería de Servizos Sociais, Concellería de Cultura, Biblioteca municipal Juan Fernández Latorre, centros educativos*



> ÁREA DE FORMACIÓN, EMPREGO E CONCILIACIÓN

### **APUNTAMENTOS...**

*A taxa de actividade das orteganas sitúase case que na metade da dos orteganos. O paro feminino (7,42% no ano 2007) sitúase algo por riba do masculino (5'20%).*

*Só nun terzo das empresas do municipio aparecen mulleres como titulares (145 negocios, basicamente do sector servizos). Non obstante, son as orteganas as que realizan máis consultas sobre emprendemento.*

*Un total de 115 paradas participaron nos programas locais de inserción laboral: Vieiros e Ortigueira I.*

*A posta en marcha dun programa de actividades extraescolares, a apertura da escola infantil municipal e a próxima creación dun centro de día son as últimas medidas adoptadas para favorecer a conciliación de vida laboral e familiar.*

## **OBXECTIVOS:**

### **E-Fomentar a formación co fin de mellorar a cualificación das mulleres e favorecer a súa inserción laboral**

**20** Realización dun estudo rigoroso dos nichos locais de emprego.

**21** Desenvolvemento de accións formativas para aumentar a competitividade das orteganas, apostando por profesións con posibilidades reais de contratación e tamén polo aumento da presenza de mulleres en oficios masculinizados

**22** Pular pola participación feminina en cursos de novas tecnoloxías.

**23** Dar continuidade aos obradoiros anuais de busca de emprego e aos programas municipais de inserción laboral, orientados especialmente á poboación feminina.

**24** Difundir de forma máis activa as axudas existentes para o fomento do autoemprego e divulgar entre o empresariado local os incentivos para a contratación de mulleres.

**25** Promover a regularización laboral das veciñas que traballan nas explotacións agrarias, gandeiras ou forestais do municipio.

**26** Aplicar ás iniciativas locais de emprego auspiciadas por orteganas bonificacións no imposto de construcións contempladas polo Concello polo "especial interese ou utilidade municipal".

### **F- Facilitar a conciliación da vida persoal, laboral e familiar dos veciños**

**27** Pór en marcha obradoiros destinados a eliminar estereotipos de xénero e particularmente a favorecer o reparto equitativo das tarefas domésticas entre homes e mulleres.

**28** Fortalecemento dos servizos de atención diurna para persoas dependentes, anciáns e nenos: ludoteca, escola infantil, centro de día e actividades extraescolares.

**29** Desenvolver mecanismos de apoio á dependencia que faciliten a asistencia das coidadoras a cursos, actividades de lecer... Por exemplo, *bancos do tempo* ou servizo de *canguros*.

## **ORGANISMOS IMPLICADOS:**

*Servizos Sociais, Concellería de Promoción económica, Aula de Informática, Antena Cameral*



## > ÁREA DO RURAL

### **APUNTAMENTOS...**

*O territorio municipal comprende nada menos que 210´7 KM. Está organizado en 22 parroquias e conta con preto de 400 asentamentos de poboación.*

*O 70% dos veciños/as vive fóra do núcleo urbano, que centraliza os principais servizos e recursos do concello. O coche particular e o taxi son os medios fundamentais para chegar á Vila dende as parroquias.*

*A inexistencia dun transporte público axeitado e a dedicación maioritaria das orteganas do rural á atención da casa, dos vellos/as e da terra acentúan o illamento destas mulleres e consolidan estereotipos de xénero.*

*O Concello conta cunha envexable rede de centros sociais por todo o territorio. Estas infraestruturas constitúen a clave para fomentar a participación social e achegar ao rural propostas sociais e de lecer.*

## **OBXECTIVOS:**

### **G- Achegar á zona rural os recursos existentes**

- 30** Crear unha rede de Puntos de Información a través dos centros sociais das parroquias, para aproximar ás orteganas do rural información sobre os diferentes recursos sociais.
- 31** Activar Puntos de Atención á Dependencia nos locais socioculturais co fin de implementar a Lei de autonomía persoal en todo o territorio.
- 32** Posta en marcha dunha Aula itinerante que permita organizar accións formativas de calquera tipo, e en especial sobre novas tecnoloxías, nos centros parroquiais.
- 33** Organizar actividades específicas para a zona rural e trasladar a estes territorios as que se teñen realizado con éxito na Vila (charlas, festas e bailes de fin de semana), sempre e cando os recursos materiais e humanos o permitan; favorecendo así unha maior participación social e evitando situacións de soidade.

### **H- Facilitar a mobilidade e reducir o illamento**

- 34** Xestionar a utilización do transporte escolar como servizo regular de viaxeiros ou, no seu caso, a incorporación de Ortigueira ao programa autonómico *Chama ao bus*.
- 35** Incentivar a obtención do carné de conducir por parte das mulleres de mediana idade das parroquias que, ben pola falta de recursos ben por outras casuísticas, non o teñan.

## **ORGANISMOS IMPLICADOS:**

*Concellería de Servizos Sociais, Concellería de Promoción económica e Tempo libre e Concellería de Cultura e Turismo*



> ÁREA DE SAÚDE E BENESTAR

### **APUNTAMENTOS...**

*O número de orteganas que sobrepassa os oitenta anos- 706 no 2006- duplica o dos homes.*

*Aínda que son as mulleres, polo xeral, as que se ocupan do coidado da familia é común no municipio a existencia de coidadoras con carencias no autocoidado.*

*O Centro de Información á muller contabilizou no 2007 nada menos que 355 consultas en materia sanitaria. Transtornos de conduta e alimentarios, toxico-manías, depresións e outros problemas de saúde mental encabezan o listado de patoloxías rexistradas polo organismo.*

*As situacións de soidade na Ortigueira rural, a sobrecarga das coidadoras por falta de apoios ou a falla de recoñecemento social do traballo doméstico tradúcense en crises no contorno familiar e nunha gran incidencia dos problemas psicolóxicos.*

## **OBXECTIVOS:**

### **I- Promover información sobre hábitos de vida saudables**

**36** Pór en marcha anualmente, en colaboración co IES, *Aulas de saúde* de asistencia obrigada para o alumnado. Educación sexual, prevención do consumo de drogas e trastornos alimentarios centrarán os obradoiros, nos que se potenciará a participación activa dos mozos.

**37** Realizar charlas informativas para as orteganas nas que se aborden os aspectos da saúde relacionados co seu ciclo vital: relacións sexuais, embarazo, parto, puerperio, menopausa.

**38** Colaborar con asociacións especializadas na organización de xornadas informativas sobre patoloxías que afectan, de maneira singular, ao colectivo feminino: anorexia, bulimia, cancro de mama, cancro de útero.

**39** Difundir información sobre prevención de riscos laborais entre as asociacións de profesionais e centros de traballo do municipio, e divulgar entre a poboación en xeral os derivados da realización das tarefas domésticas.

**40** Reforzar o apoio psicolóxico á cidadanía con dificultades anímicas, de actitude ou de comportamentos, en especial aos que teñen responsabilidades familiares non compartidas, aos que viven en soidade ou en perigo de exclusión social.

**41** Pular pola participación das orteganas nas diferentes disciplinas deportivas que se poden practicar no concello, incidindo naquelas nas que teñen neste intre escasa presenza.

**42** Pular por actividades na escola que permitan adquirir aos rapaces e rapazas hábitos de consumo saudables.

## **ORGANISMOS IMPLICADOS:**

*CIM, Concellería de Educación, Concellería de Promoción Económica e Xuventude, Concellería de Deportes e Sanidade, Centro de saúde, centros educativos*





## > ÁREA DE ERRADICACIÓN DA VIOLENCIA

### **APUNTAMENTOS...**

*A violencia de xénero é o resultado máis trágico da desigualdade entre homes e mulleres.*

*O mantemento de roles sexistas nos fogares perpetúa as situacións de discriminación e a resistencia a denunciar os casos de violencia.*

*O CIM registrou en 2006, un total de 11 consultas legais por malos tratos e 12 por vexacións. No campo da atención psicolóxica, fíxose 1 consulta por violencia sexual e 11 a causa de casos de violencia inflixida pola parella. Dende os Servizos Sociais tense constatado que a problemática é aínda maior.*

*As memorias xudiciais certifican que non todos os casos de malos tratos acaban en denuncia. De feito, o Xulgado de primeira instancia de Ortigueira só abriu no 2006, 5 dilixencias urxentes. Neste tempo ditáronse 4 ordes de protección e 3 medidas de afastamento.*



## **OBXECTIVOS:**

### **K- Previr a violencia cara ás mulleres**

**43** Realizar campañas anuais dirixidas aos homes para conciencialos na non violencia cara á muller. Neste marco incluíriase a celebración do 25 de novembro, Día Internacional contra a violencia cara á muller.

**44** Elaborar un díptico informativo coas actuacións básicas a seguir no caso de coñecer ou sufrir malos tratos, que inclúa a totalidade dos recursos existentes na comunidade para loitar contra esta lacra social.

**45** Realizar obradoiros de autoestima para fortalecer ás mulleres fronte a posibles ataques de violencia psicolóxica.

**46** Establecer un sistema de telefonía móbil ou teleasistencia para veciñas que sexan posibles vítimas de malos tratos.

### **L - Facilitar unha atención integral ás vítimas de violencia**

**47** Desenvolver cursos de formación en materia de violencia de xénero destinados por unha banda aos membros das forzas de seguridade, e en especial á Policía Local, e por outra ao persoal sanitario.

**48** Proporcionar dende o Centro de Información á Muller (CIM) a quen padeza malos tratos unha atención psicolóxica, xurídica e social de carácter prioritario fronte a outros casos, garantindo así unha intervención rápida e evitando unha dobre vitimización.

**49** Aprobar un protocolo destinado a coordinar e optimizar as actuacións en materia de violencia de xénero das forzas de seguridade e do persoal sanitario local.

**50** Favorecer a inserción sociolaboral das vítimas de violencia, dándolles prioridade no acceso a cursos de formación, programas de emprego e axudas municipais.

## **ORGANISMOS IMPLICADOS:**

*Concellería de Servizos Sociais, CIM, Policía Local, Garda Civil, Centro de Saúde e Xulgado*



>>50

>> *EVOLUCIÓN E VALORACIÓN*

O seguimento e a valoración do Plan son exercicios indispensables para coñecer se se puxeron en práctica as diferentes accións propostas. Trátase polo tanto de determinar en que medida se cumpriron os obxectivos formulados. Para iso cómpre facer unha análise cuantitativa o máis pormenorizada posible:

nº de actividades

nº de organismos ou entidades implicados

nº de persoas que participan segundo o sexo...

Non obstante, precísase tamén un estudo cualitativo que clarifique o grao de efectividade e de satisfacción das actividades, así como os resultados tanto positivos como negativos acadados. Para iso botaremos man das seguintes ferramentas de recollida de información: fichas de avaliación de cada medida ou actividade implantada (beneficiarios, recursos empregados...) e fichas que plasmen o grao de satisfacción dos beneficiarios.

### Análise

A Concellería de Servizos Sociais, encargada de avaliar este *II Plan de Igualdade de Ortigueira*, establece de cara ao axeitado seguimento das "50 medidas para a igualdade", contidas neste documento a elaboración de informes trimestrais que permitan visualizar os avances rexistrados en cada área de traballo e dunha memoria anual.

### Avaliación Final

Ao rematar o período de catro anos de vixencia deste plan redactarase unha memoria final que dará conta dos resultados deste e que servirá para determinar que novas actuacións terá que por en marcha o Concello de Ortigueira no futuro e que medidas debe manter.

>> *ANEXOS*


## >> MAPAS E GRÁFICOS

>> O municipio conta con máis de 8.000 veciños censados, repartidos en 22 parroquias. Boa parte delas non teñen acceso ás principais vías de comunicación da zona: estrada AC 862 e liña férrea do FEVE.

### DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN POR PARROQUIAS




>>O progresivo envellecemento poboacional marca o día a día dun municipio, no que máis dun terzo dos veciños superan os 65 anos. Un apuntamento máis: hai máis homes que mulleres en idade de traballar, pero a tendencia invértese cando falamos dos tramos de idade máis avanzada.




>> A Vila centraliza os principais servizos do municipio e da comarca, o que converte en obrigada a visita dos veciños das parroquias.

EVOLUCIÓN PARO 2003 - 2006




EVOLUCIÓN PARO 2006- 2007



>> O paro feminino mantense de forma constante por riba do masculino, aínda que a diferenza entre ambos os dous non é significativa.

## DISTRIBUCIÓN DE SERVICIOS POR PARROQUIAS





## >> GLOSARIO

(Tomado de *Xénero e Igualdade de oportunidades. Materiales para a formación.*)

### **Plans de igualdade**

Documento de referencia que contén estratexias e instrumentos tendentes a desenvolver unha política que oriente as prácticas de igualdade de oportunidades nunha entidade concreta (concello, empresa, etc).

### **Políticas de igualdade de oportunidades**

Marcos referenciais de actuación política que contemplan o principio de igualdade de trato a través da elaboración de estratexias baseadas no dereito das mulleres a seren tratadas como cidadás. Propoñen solucións para resolver as desigualdades por razón de sexo.

### **Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes**

Ausencia de toda barreira sexista para a participación económica, política e social.

### **Acción positiva**

Medida dirixida a un grupo de poboación específico, mediante a que se pretende corrixir, compensar ou previr unha situación de desigualdade de feito en relación con outro grupo, sen que esta medida resulte prexudicial para ningún grupo.

### **Barreiras invisibles**

Conxunto de actitudes, prexuízos, estereotipos,

normas, valores, comportamentos ou expectativas que asumen ou cos que se identifican implícitamente as persoas en virtude dunha educación e dunha socialización condicionadas pola súa pertenza a un sexo ou outro, e que impiden ou dificultan o seu desenvolvemento pleno e integral como persoas- suxeito de dereitos e liberdades, así como a súa capacitación para integrarse nunha actividade asociada ao outro sexo.

### **Coeducación ou educación non sexista**

Conxunto de criterios, métodos, linguaxe, instrumentos pedagóxicos e contidos educativos que permiten a formación do alumnado en condicións de igualdade de oportunidades e atención ás diferenzas de xénero, sen establecer por iso asignación de roles e valores desiguais, e preparando a alumnas e a alumnos para unha construción integral da súa personalidade e o desenvolvemento dun proxecto de vida como suxeitos de plenos dereitos e liberdades.

### **Conciliación do traballo e a vida familiar**

Introdución de sistemas de permiso por razóns familiares e de permiso parental, de atención á infancia e a persoas de idade avanzada, e creación dunha estrutura e organización do contorno laboral que facilite a mulleres e a homes a combinación do traballo e das responsabilidades familiares e do fogar.



### **Corresponsabilidade**

Sistema de reparto de responsabilidades familiares, tarefas domésticas e responsabilidades públicas nunha unidade de convivencia, que permite aos membros dunha parella dispor de igualdade de oportunidades e de desenvolvemento autónomo fóra da unidade.

### **Datos segregados por sexos**

Recollida e desagregación de datos e de información estatística por sexo, que fai posible unha análise comparativa tendo en conta as especificidades do xénero.

### **Desigualdade**

Comprobación sistemática de diferenzas nas funcións, na posición social, no acceso aos recursos ou na cobertura das necesidades persoais (alimentación, educación, expresión, autorrealización) en función de se son mulleres ou homes.

### **Desigualdade en función do xénero**

Conxunto de condicións e situacións diferenciais e de desigual valor entre mulleres e homes debidas á diferenza de roles masculino-feminino, que subsiste a pesar de terse acadado a igualdade xurídica formal.

### **Discriminación de xénero**

A valoración positiva dos atributos masculinos e a negativa dos femininos converte a mera diferen-

ciación social en discriminación de xénero.

### **Estereotipo de xénero**

Idea preconcebida e común que se lles impón aos homes e mulleres. Refírese a atributos físicos, de personalidade, de comportamento e tamén de actitude.

### **Empoderamento**

Desenvolvemento das capacidades persoais para dirixir a propia vida e participar na comunidade en todos os términos sociais, culturais, económicos.

### **Mainstreaming (transversalidade de xénero)**

Organización, mellora, desenvolvemento e avaliación dos procesos políticos, de xeito que a perspectiva de igualdade de xénero se incorpore en todas as políticas, niveis e etapas. É un proceso que implica a concepción das actuacións políticas a partir da análise previa desde a perspectiva de xénero.

### **Rol**

Papel ou papeis que unha persoa desempeña como membro dunha sociedade. Pode cambiar coa idade, coas responsabilidades familiares ou coas responsabilidades laborais (empregada/o, xefa/e). Representa tamén as funcións (cocinar, criar) e o estatus que cada sociedade recoñece ao seu desempeño.

## >> BIBLIOGRAFÍA

*A situación das mulleres no ámbito rural galego.*

Obradoiro de socioloxía, SL; Xunta de Galicia, Servicio Galego de igualdade.

*Documento marco para la Gestión de las Políticas Locales de Igualdad.*

Ministerio de Trabajo y Asuntos sociales. FEMP.2006

*Guía para elaborar Planes de Igualdad.*

Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales. FEMP. 25 aniversario

*Plano de Fomento da Corresponsabilidade.*

Secretaría Xeral da Igualdade. Vicepresidencia.

*IV Plan de Igualdade de Oportunidades 2002-05.* Xunta de Galicia.

*V Plan de Igualdade de Oportunidades 2007-2010.* Xunta de Galicia.

*Situación actual de las Políticas y Planes de Igualdad en el ámbito municipal.*

Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales. FEMP.2001

*Xénero e Igualdade de oportunidades. Materiales para a formación.*

Elisa Jato, M<sup>a</sup> José Méndez, Lucía Iglesias y otras. 2006.

## >> PÁXINAS WEB

[www.benestargaliza.org](http://www.benestargaliza.org)

[www.igualdadegaliza.org](http://www.igualdadegaliza.org)

[www.igualdadebenestar.org](http://www.igualdadebenestar.org)

[www.mtas.es](http://www.mtas.es)

[www.democraciaparitaria.com](http://www.democraciaparitaria.com)

[www.igualdadoportunidades.es](http://www.igualdadoportunidades.es)

[www.igualdaddetrato.com](http://www.igualdaddetrato.com)

[www.educarenigualdad.org](http://www.educarenigualdad.org)

[www.mujaeresenred.net](http://www.mujaeresenred.net)

[www.redfeminista.org](http://www.redfeminista.org)

[www.hombresigualdad.com](http://www.hombresigualdad.com)

[www.xuventude.net](http://www.xuventude.net)

[www.unidadgenero.com](http://www.unidadgenero.com)



## >> CAMPAÑAS DESENVOLVIDAS

As viñetas da debuxante Sex serviron de base para varias das campañas gráficas de sensibilización desenvolvidas pola Concellería de Servizos Sociais nos últimos anos. “Aprenden o que viven” (a favor da educación non sexista) e “Di non” (contra a violencia de xénero) constitúen bos exemplos.



**>> TELÉFONOS DE INTERESE**

**Concello de Ortigueira-** 981 40 00 00

**Concellería de Servizos Sociais-** 981 40 25 42; fax: 98140 03 06

**Centro de información á muller de Ortigueira-** 981 42 26 05

**Policía Local Ortigueira-** 696 44 68 63/ 64

**Garda Civil-** 98140 00 21

**Xulgado de Ortigueira-** 98140 26 99

**Servizo de Información e asesoramento a mulleres vítimas de violencia de xénero-** 016

**Teléfono da Muller,** 24 horas permanente e gratuíto- 900 400 273

*( Información sobre recursos, servizos e programas)*

**Servizo de atención ás mulleres dos corpos policiais da provincia da Coruña:**

SAF (Policía)- 981 116 300; EMUME (Garda Civil)- 981 167 800

**Servizo de orientación xurídica** (Xustiza gratuíta)- 981 18 51 79









Concello de  
Ortigueira

[www.concellodeortigueira.com](http://www.concellodeortigueira.com)